

POR UN NOVO MODELO DE FINANCIAMENTO LOCAL

Unha vez máis, o financiamento segue a ser unha cuestión pendente dentro do mundo local. Nun mandato no que se aprobaron multitude de normativas que tiveron unha gran incidencia na xestión dos concellos, con especial relevancia da Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, estes cambios substanciais non se viron acompañados dun modelo de financiamento que debería ter dado solución ao problema estrutural histórico das entidades locais, permitindo que dispuxeran dos recursos suficientes para acometer as moitas e importantes competencias que actualmente están a desenvolver.

As cifras avalan a responsabilidade que tiveron as entidades locais galegas nun contexto especialmente complexo. A pesares das grandes dificultades financeiras que sufriron nestes anos, con importante minoración dos seus orzamentos, os concellos souberon unha vez máis adaptarse a este novo marco, cumprindo de forma solvente coas premisas de estabilidade orzamentaria fixadas polo Goberno.

Esa gran resposta que tivo o municipalismo nos peores anos da crise, na que se consolidou como a administración con mellores resultados en termos financeiros, sendo a única que actualmente ten superávit, merece que agora se aposte definitivamente polos concellos. Ao contrario do que afirman moitas teorías, este contexto económico demostrou que as

administracións máis descentralizadas son tamén as máis cumpridoras neste eido.

É necesario que se leve a cabo unha reordenación e adaptación do financiamento local ao novo marco estrutural que se foi consolidando ao longo do tempo, e que precisa dotar aos concellos dunha maior autonomía para a prestación de servizos, que necesariamente debe vir unida a unha suficiencia financeira.

Un pilar imprescindible neste mandato é a reforma da Participación nos Ingresos do Estado (PIE), na que deben introducirse novos parámetros que resolvan as graves ineficiencias e defectos técnicos que especialmente nos últimos anos se visualizaron co modelo actual, e que crearon graves prexuízos ás entidades locais galegas.

Este desequilibrio ponse de manifesto nun recente estudo realizado pola Fegamp no que se analiza os resultados da reparto da PIE no período 2004-2015, e no que se calcula que o diferencial negativo das contías percibidas polos concellos galegos respecto a media estatal cuantificado en euros por habitante situouse en torno aos **1.400 Millóns de Euros**. Como mostra, e na última entrega a conta da PIE correspondente ao ano 2015, os municipios da nosa Comunidade percibiron o 5% do montante total a pesares de contar có 6,26 % da poboación, discriminación que se leva producindo ano tras ano dende o inicio deste novo modelo.

Por elo, e en aras de lograr un equilibrio económico xusto e adecuado, e no que se teña en conta dunha vez por todas o custo que os concellos teñen que asumir na prestación de servizos, a Fegamp reitera a necesidade de introducir na fórmula de reparto os criterios de dispersión, extensión territorial e envellecemento, variables que son utilizados por practicamente todas as Comunidades Autónomas nos criterios de distribución dos seus Fondos de Cooperación Local, e que son rexeitados polo Estado de xeito recorrente no reparto da PIE.

Así mesmo, en termos xerais, a problemática que afectou a unha meirande parte das entidades locais do Estado tamén repercutiu dun xeito notable en Galicia, no que uns criterios de reparto inadecuados, cunha excesiva e incomprensible variabilidade dos índices utilizados na entrega a conta anual respecto á participación definitiva calculada dous anos despois provocou un absoluto caos financeiro en determinados concellos, agravado polo feito de que nalgúns anos, esa entrega a conta global foi moi inferior á citada participación definitiva.

Mención especial cabe facer á afectación que se produciu no financiamento local froito dos cambios producidos no modelo de financiamento autonómico derivados da Lei 22/2009. A chamada homoxeneización por parte das administracións estatal e autonómica fíxose aplicando criterios opostos a efectos do cálculo da Participación nos Ingresos do Estado e Comunidade Autónoma respectivamente, que finalmente provocaron que ambos prexudicaran de forma notable ao financiamento das entidades

locais. É necesario que o financiamento local non se vexa afectado na súa contía por mor das eventuais reformas no modelo de financiamento autonómico, polo que cómpre esixir uns criterios claros e estables que eviten estas disfuncións que, por exemplo, provocaron unha caótica situación na liquidación da PIE correspondente ao ano 2009, consecuencias que a día de hoxe seguen sufrindo moitos concellos.

Esta reforma debe vir unida a un cambio no modelo de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, o chamado Fondo de Cooperación Local, có incremento da súa dotación e a introdución de subvencións de concorrencia competitiva finalistas, reiterada reivindicación do municipalismo galego. Diversos informes realizados durante este mandato pola Fegamp proban que esta fórmula é viable para determinadas liñas financeiras, e outorgarían unha maior autonomía aos concellos para destinar os seus ingresos a potenciar as necesidades reais en función das súas características específicas.

O sistema tributario local tamén debe ser abordado na súa globalidade, realizando os axustes técnicos necesarios en cada unha das liñas tributarias. En determinados Impostos e Taxas que cobran os concellos tamén se visualizaron ineficiencias que deben ser subsanadas, para dotarlle dunha maior concreción ao marco vixente, e valorando a posible introdución de novas figuras tributarias adaptadas aos novos tempos.

O complexo sistema competencial das entidades locais tamén esixe unha clarificación, dado que a Lei de Racionalización e Sostibilidade, lonxe de ser unha axuda, creou incluso unha maior inseguridade xurídica e económica aos concellos. As entidades locais deben dispoñer dun marco competencial claro e preciso, do que é imprescindible que formen parte os servizos sociais, a promoción económica ou a formación, jfghjfc con capacidade plena para exercer a xestión desas competencias con autonomía e co financiamento preciso para acometelas. Ademais, e conforme ao previsto no acordo de desenvolvemento do pacto local en Galicia, a Xunta de Galicia debe asumir os gastos que os concellos están soportando actualmente en ámbitos nos que non teñen competencia, singularmente os custos no mantemento dos centros de saúde, centros de educación de infantil e primaria e outros análogos.

Neste marco, tamén cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten a obriga de artellar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente as administracións locais galegas ante a aprobación de normas por parte da Comunidade Autónoma que poidan supoñer unha minoración dos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos, circunstancia que a día de hoxe se segue producindo.

En clave galega, o sistema debe ir enlazado por dous instrumentos que actuarían como piares centrais do financiamento local: Unha lei de facendas locais de Galicia e a regulación mediante Lei específica da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma. Un dos grandes

problemas que nos atopamos é a diversidade de disposicións normativas que afectan ás entidades locais, e que producen duplicidades nos procedementos, falta de cohesión e inseguridade xurídica e económica aos concellos, que finalmente se traducen en ineficiencias que prexudican a todas as administracións e principalmente aos cidadáns, e que se poderían solucionar abordando esta materia de xeito global, cun escenario ordenado e coordinado có Goberno Autonómico a través de estes dous instrumentos, no que realmente se plasmen, garantan e se desenvolvan os principios básicos nos que se debe asentar o marco financeiro local.

Para este novo período, cómpre que dende o Estado se adopten medidas que propicien a reactivación da economía local. As entidades locais actuaron cun excepcional rigor, converténdose na administración clave na consecución dos obxectivos de estabilidade orzamentaria como avalan os resultados acadados. Ese cumprimento, incluso por enriba dos límites fixados polo Goberno, debe ser compensado cunha flexibilización dalgunhas das restricións adoptadas nos últimos anos, o que sería beneficioso en termos globais de cara ao futuro.

As entidades locais deben tamén seguir procurando a máxima eficiencia e eficacia no seu ámbito competencial, implementando medidas que melloren a calidade dos servizos que prestan. Por elo, deben potenciarse as fórmulas de colaboración e coordinación con outras administracións e entre as distintas entidades locais, así como a elaboración de estudos dos servizos de competencia local e a fixación de estándares e ratios dos

servizos públicos, que permitan medir e valorar a calidade de cada un deles e establecer medidas de mellora continua en diferentes aspectos.

En relación co exposto, propónse á Asemblea Xeral para a súa aprobación as seguintes

RESOLUCIÓN

Primeira.- Demandar o cambio do modelo actual de reparto da PIE de xeito que os criterios que se utilicen doten dunha maior estabilidade ao financiamento dos concellos, corrixindo as múltiples ineficiencias que se puxeron de manifesto nestes últimos anos.

Segunda.- Singularmente, esixir que na fórmula de reparto da PIE se introduzan os criterios de Entidades Singulares de Poboación, superficie e envellecemento, para paliar os desequilibrios que actualmente se producen e incluso se incrementan entre as distintas áreas do Estado, e no que os concellos galegos están resultando claramente prexudicados.

Terceira.- Reclamar a clarificación dos criterios de homoxeneización aplicados polo Estado e a Comunidade Autónoma para o cálculo anual da participación na PIE e no Fondo de Cooperación Local respectivamente, e esixindo singularmente a debida coordinación entre o Estado e Comunidade Autónoma, de xeito que os concellos non resulten prexudicados como aconteceu ata o de agora.

Cuarta.- Demandar do Estado a modificación da lexislación en materia de estabilidade orzamentaria que afecta ás administración, eliminando os ríxidos límites en materia de gasto público, endebedamento e contratación de persoal, e permitindo manter aos concellos un axeitado nivel de investimento público e gasto social que atenda as necesidades dos veciños e veciñas”

Quinta.- Demandar a ampliación dos supostos de aplicación no caso da existencia de superávit.

Sexta.- Demandar a creación por parte do Estado dun Fondo de Compensación que se repartirá entre os concellos dotado polas cantidades que abonan nas inversións que realizan en concepto de IVE.

Sétima.- Solicitar que durante este mandato se aprobe unha Lei de Facendas Locais de Galicia consensuada coa Fegamp na que se proceda á ordenación da situación económica e financeira das entidades locais galegas en atención á súa diversidade dentro do Estado.

Oitava.- Solicitar que a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos sexa regulada mediante unha Lei autonómica específica consensuada coa Fegamp, na que se garanta a porcentaxe de participación anual nos capítulos I, II e III do orzamento dos ingresos da Administración Xeral da Xunta de Galicia, e na que, como mínimo, se introduzan na fórmula de reparto criterios que teñan en conta

aspectos demográficos e territoriais que inciden no custo que os concellos asumen na prestación dos seus servizos (poboación, dispersión e envellecemento), así como variables que midan de xeito obxectivo a corresponsabilidade fiscal de cada municipio.

Novena.- Incremento da porcentaxe das partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, mediante a integración paulatina no Fondo de Cooperación Local de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente.

Décima.- Solicítase a simplificación dos trámites de xestión dos programas financiados pola Xunta de Galicia a través de transferencias e subvencións, de xeito que se poida acadar uns procedementos moito máis áxiles e sinxelos, con prazos de realización e xustificación das distintas liñas financeiras máis amplos que os actuais.

Décimo primeira.- Solicítase que os concellos reciban a cantidade que lles correspondan ao mesmo tempo da concesión da subvención ou sinatura do convenio correspondente coas distintas Administracións Públicas, de tal xeito que non se vexan na obriga, como ata o de agora, de ter que financiar os servizos con fondos propios ata recibir o pago da mesma, creando inxustificadas e inasumibles tensións de tesourería nos seus orzamentos.

Décimo segunda.- Aplicación de criterios obxectivos e consensuados coa FEGAMP para o reparto das contías dos programas da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais atendendo as características específicas de cada unha das liñas financeiras.

Décimo terceira.- Demandar da Xunta de Galicia a asunción dos servizos da súa competencia que actualmente prestan os concellos ou, en todo caso, que se doten con carácter inmediato en cada exercicio orzamentario as cantidades económicas precisas para, que de seguir sendo exercidas polas entidades locais, cubran a totalidade do seu custo.

Décimo cuarta.- Os concellos deberán ser compensados polo custo de xestión de recadación dos tributos autonómicos que por lei teñan que realizar.

Décimo quinta.- Demandar que o Goberno Autonómico cumpra o compromiso de adoptar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente as administracións locais galegas ante a aprobación de normas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan supoñer unha minoración dos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos.

Décimo sexta.- Promover medidas que propicien un maior grao de homoxeneización e equilibrio na tributación local, estimulando os procesos de converxencia e normalización tributaria.

Décimo sétima.- Promover medidas que doten dunha maior autonomía aos concellos en materia de tributación local.

Décimo oitava.- Clarificación da normativa tributaria local en diversos aspectos. Singularmente, solicítase a reformulación do réxime tributario da ocupación do dominio público local das empresas de telecomunicacións, así como a concreción da información que deben achegar as empresas explotadores de servizos de subministracións para a exacción das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou vo das vías públicas municipais. Así mesmo, acometer a participación dos concellos na taxa por reserva do dominio público radioeléctrico, actualmente só de ámbito estatal.

Décimo novena.- Demandar do Estado a dotación do catastro cos recursos e co persoal preciso para que a información catastral estea debidamente actualizada e sexa acaída ás necesidades tanto dos municipios, coma das persoas propietarias

Vixésima.- Adoptar medidas que permitan a estabilización permanente, garantindo o seu financiamento, de servizos prioritarios para os cidadáns nos concellos.

Vixésima primeira.- Adoptar medidas para compensar os desequilibrios existentes entre as distintas Entidades Locais.

Vixésimo segunda.- Introducción de indicadores de calidade dos servizos co obxectivo final de lograr unha mellor eficiencia e eficacia na xestión global.

Vixésimo terceira.- Promoción de estudos específicos dos servizos de competencia local que sirvan como instrumento para a mellora da xestión nos distintos concellos. Ademais, promoverase a creación de bases de datos económicos que poidan servir a diversas entidades públicas e privadas para o estudo da realidade dos concellos e que, en última instancia, estes poidan reverter no ben da estratexia municipalista.

Vixésimo cuarta.- A Fegamp potenciará a creación de novos grupos de traballo similares ao existente no sector eléctrico para defender os intereses das entidades locais galegas en distintos ámbitos do financiamento local.

Vixésimo quinta.- Instar ao Goberno Galego a modificar os criterios de reparto do Fondo de Compensación Ambiental, de maneira que os seus fondos se distribúan integramente entre os concellos, eliminando a reserva que na actualidade mantén a Xunta.

Vixésimo sexta.- Demandar do Estado e da Xunta de Galicia a modificación da normativa reguladora das competencias municipais, para introduciren aqueles servizos que, en moitos casos, xa veñen efectivamente prestando as Administracións locais, en ámbitos como os servizos sociais, a promoción económica local ou a organización de actividades formativas, así

como posibilitar a prestación daqueles outros que a cidadanía precise e para os cales, en aplicación do principio de subsidiaridade, os concellos sexan as Administracións máis acaídas para a súa prestación”.

Vixésimo sétima.- Solicitar a eliminación do criterio de agrupación de municipios como criterio cuasi-preferente nas subvencións competitivas da Xunta de Galicia, cando supón unha mera declaración que non implique nin continuidade de proxectos nin harmonización de demandas”.

Vixésimo oitava.- Reclamar que as Administracións Públicas establezan criterios básicos de reparto de fondos e axudas económicas aos concellos o de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, con criterios de avaliación preestablecidos e coñecidos (tal e como determinan os artigos 22 da Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003) e o 19 da Lei de Subvencións de Galicia (Lei 9/2007), reducindo as axudas directas e nominativas a situacións realmente excepcionais que impidan a convocatoria pública.

Vixésimo novena.- Reclamar que as Administracións Públicas instrumenten mecanismos de financiamento estable nas diversas áreas de competencia local, de xeito que os concellos poidan deseñar e programar con garantía económica as súas actividades anuais.